



XUNTA DE GALICIA

DELEGACIÓN TERRITORIAL
DE OURENSE

Xefatura Territorial da Consellería de
Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Rúa Concello, 11 – 4º
32003 Ourense
Tel.: 988 386 649/59 Fax: 988 386 600
Correo electrónico: sxpl.ourense@xunta.gal

galicia

REQUIRIMENTO DE EMENDA DE DOCUMENTACIÓN

Pola Orde do 16 de novembro de 2017 da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria anúnciase a convocatoria de axudas para a presentación de proxectos de fomento do uso do galego dos centros de titularidade pública de Galicia que imparten ensinanzas regradas de niveis non universitarios para o curso escolar 2017/18 (ED101C) (DOG núm. 226, do 28 de novembro de 2017).

A base quinta da convocatoria establece que as solicitudes que se presenten deberán formalizarse no modelo ED101C debidamente cuberto e asinado, acompañado da documentación que se sinala na base sexta, na forma e prazos que tamén se indican.

O Gabinete Provincial de Normalización Lingüística de Ourense, órgano encargado da instrución do procedemento ao abeiro da base sétima da orde de convocatoria, revisou as solicitudes presentadas e a documentación achegada polos centros.

De conformidade co disposto na referida base, no caso de estaren incompletas as solicitudes, conteren erros ou de que non se achegue toda a documentación acreditativa dos requisitos esixidos na convocatoria, requirirase aos centros solicitantes para que, nun prazo de dez días hábiles, emenden a falta ou acompañen os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non o fixeren, considerarase que desisten da súa petición e archivarase o seu expediente na forma e termos indicados no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Na devandita orde indícase que, por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, e consonte co establecido no artigo 45.1.b) da antedita Lei 39/2015, do 1 de outubro, os requirimentos faranse mediante a súa publicación na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística: <http://www.lingua.gal>

Polo exposto, acórdase

1. Publicar na páxina web da Secretaría Xeral de Política Lingüística (<http://www.lingua.gal>) a relación de solicitudes que non están debidamente cubertas e/ou non achegan a documentación preceptiva acreditativa dos requisitos esixidos na convocatoria. Esta relación xúntase como Anexo desta publicación, coa especificación dos documentos preceptivos requiridos a cada solicitante.
2. Facer indicación expresa a todos os centros solicitantes relacionados no Anexo de que son **requiridos para que no prazo de dez días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación deste requirimento na páxina web da Secretaria Xeral de Política Lingüística: <http://www.lingua.gal> **emenden a falta ou acheguen os documentos referidos**. De non facelo, considerarase que desisten da súa petición, e archivarase o seu expediente logo da resolución ditada nos termos previstos no artigo 21 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.





3. Engadir que, de conformidade co disposto na base 7.2 da convocatoria, esta achega de documentación deberá ser realizada electronicamente accedendo á Carpeta do cidadán da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Ourense, 12 de febreiro de 2018

O xefe do Gabinete de Normalización Lingüística de Ourense

Xosé Diz Romay

ANEXO

Expediente	Centro	CIF	Concello	Emenda
OUPU022	CEIP AS MERCEDES	Q8255013H	OURENSE	1,4
OUPU039	CEIP FILOMENA DATO	Q82550005I	BARBADÁS	2,4
OUPU052	CEIP O RUXIDOIRO	V32371601	BARBADÁS	1,2
OUPU057	CPI PLURILINGÜE JOSE GARCÍA GARCÍA	Q8255162C	OURENSE	3
OUPU059	CEIP OTERO NOVAS	Q8255058C	CORTEGADA	2
OUPU064	CEIP O CASTIÑEIRO	Q8255140I	LAZA	4
OUPU068	CPI PADRENDA CRESPOS	Q8255056G	PADRENDA	2
OUPU077	CEIP VENDAS DA BARREIRA	Q8255146F	RIÓS	4
OUPU079	CEIP PADRE CRESPO	Q8255137E	XUNQUEIRA DE AMBÍA	1,2,3,4
OUPU080	CEIP RODOLFO NÚÑEZ RODRÍGUEZ	Q8255154J	VILARDEVÓS	3

EMENDAS REQUIRIDAS		
CÓDIGO	CONTIDO	REFERENCIA NORMATIVA
1	Anexo I completamente cuberto e asinado polo director/a do centro	Base 5.4
2	Anexo II completamente cuberto e asinado polo director/a do centro	Base 6.2
3	Cadro resumo das actividades segundo o modelo recollido no anexo II asinado polo director/a do centro	Base 6.2
4	Proxecto asinado pola persoa coordinadora do equipo de dinamización co visto e prace do director/a do centro	Base 6.1

